

## Calendario de presentación dos Traballos Fin de Grao (TFG)\_Curso 2019/20. Segunda edición de actas (xullo 2020)

**29 de xuño (luns):** data límite de entrega na Secretaría Virtual do *Informe de conformidade* da titora ou titor.

**3 de xullo (venres):** data límite para realizar o trámite virtual polo que o estudantado solicita a defensa oral do TFG na Secretaría Virtual. Hai que imprimir as dúas copias que xera o sistema e entregalas en Decanato no trámite seguinte.

**6 de xullo (luns):** data límite para que o alumnado entregue o TFG no Negociado de Asuntos Xerais da FFT (Decanato). Realizarase dobre entrega, en papel e mais en soporte electrónico.

En soporte papel:

- 3 copias do TFG para tribunal colexiado ou 1 copia do TFG para tribunal unipersoal
- 2 copias da solicitude de defensa oral xeradas na Secretaría Virtual

Toda a documentación achegada en papel inscribírase no Rexistro de entrada do Decanato.

En soporte dixital:

- 1 copia electrónica da versión final do TFG en PDF enviada a [sdfft@uvigo.es](mailto:sdfft@uvigo.es). No asunto da mensaxe debe figurar TFG, a sigla do grao (GLE/GTI/GCLEL) e mais os apelidos do/a estudante. Exemplo: TFG GTI Pérez Pérez.

**6 de xullo (luns):** data límite para entregar o informe da/o titor/a de cada TFG (co seu visto e praxe) no Negociado de Asuntos Xerais, en caso de tribunais colexiados. No informe, segundo o modelo da FFT, constará a nota proposta por quen titoriza o traballo (30% da cualificación total).

**7 de xullo (martes):** data límite para que o Negociado de Asuntos Xerais entregue a documentación (copias dos TFG e informes de titor/a) a quen exerza a secretaría de cada tribunal colexiado. No caso de tribunal unipersoal, entregaráselle a copia do TFG ao titor/a.

**8 de xullo (mércores):** data límite para que a secretaría de cada tribunal colexiado ou o titor/a dos tribunais unipersoais comuniquen as datas e horas de defensa pública de cada TFG no Negociado de Asuntos Xerais. Estas datas publicaranse no taboleiro do Decanato e no espazo FAITIC da materia TFG do título correspondente.

**9 de xullo (xoves):** o Negociado de Asuntos Xerais comunica as datas e horas previstas para a defensa de cada TFG.

**13-21 de xullo (luns-martes):** datas previstas para as defensas públicas dos TFG fixadas polos tribunais colexiados e unipersoais.

**22 de xullo (mércores):** data límite para entregar no Negociado de Asuntos Xerais as actas das actuacións dos tribunais coas correspondentes propostas de cualificación. No caso de tribunal colexiado estas deberán estar desagregadas (30% titor/a e 70% tribunal).

**21 de setembro (luns):** remate do prazo para entregar na Secretaría Virtual e na Área de Grao (secretaría) as actas das actuacións dos tribunais colexiados e unipersoais coas correspondentes propostas de cualificación.

